MANIFESTO 25 DE NOVEMBRO

CONSELLO LOCAL DA IGUALDADE

Hoxe conmemoramos o día Internacional contra a Violencia ás Mulleres e o Consello Local da Igualdade quere lanzar unha mensaxe ao pobo do Grove: Tolerancia cero á violencia de xénero.

Ao longo da historia da humanidade as agresións ás mulleres foron minimizadas e ata negadas pola sociedade patriarcal, situando o problema no ámbito privado dos conflitos de parella ou familiares, condenando ás mulleres ao silencio e ao sometemento.

As actuacións levadas a cabo polos movementos de mulleres e o impulso de políticas de igualdade permitiron concienciar á sociedade sobre este problema, que é unha vulneración dos dereitos humanos.

É necesario continuar traballando dende os gobernos locais polo incremento da participación das mulleres nos ámbitos económico, político e social, xa que a igualdade é a garantía da paz.

Ensinar á sociedade a percibir os signos do maltrato, facer visible a violencia contra as mulleres como manifestación da desigualdade de xénero, é esencial para a súa detección rexeitamento e eliminación.

É necesario mellorar os mecanismos de coordinación , colaboración e actuación dos organismos e administracións públicas para garantir a seguridade persoal das vítimas da violencia de xénero ou en risco de selo.

É necesario o desenvolvemento da Lei 11/2007 aprobada no parlamento de Galicia sobre a prevención e tratamento integral da violencia de xénero, para que se lle recoñeza os dereitos das mulleres que vivan nunha situación de violencia no ámbito económico e social, así como no formativo e asistencial ás victimas

No CLI sumámonos a todos os actos de condena da violencia contra as mulleres e facemos un chamamento ás veciñas e veciños do Grove porque a violencia de xénero é un problema de todas e todos, non un problema privado das mulleres que a padecen, e o apoio ás vítimas o noso compromiso.

No CLI pedimos e reivindicamos das administracións locais, autonomicas e estatais, a elaboración de programas dirixidos ao ambito educativo onde se traballe a tolerancia cero ante os malos tratos contra as mulleres.

CLI